

Programa municipal de conciliación de Verán 2024

Departamento de Educación do concello de Santiago ten previsto a realización dun programa de conciliación laboral e familiar no período das vacacións de verán. Este programa comprende un conxunto de actividades, a desenvolver en instalacións dos CEIP Ramón Cabanillas e Monte dos Postes, destinadas á poboación escolarizada en educación Infantil e Primaria do municipio de Santiago.

Este programa concíbese como un espazo educativo, de promoción do ocio e o tempo de lecer, ademais dun recurso para a conciliación familiar e laboral no tempo de vacacións.

CARACTERÍSTICAS DO PROGRAMA:

Obxectivos:

- Promover actividades que favorezan a diversión creando un ambiente lúdico.
- Desenvolver a autonomía persoal no día a día.
- Promover a sensibilidade artística e musical dos nenos e nenas potenciando o desenvolvemento imaxinativo e creativo.
- Fomentar o compañeirismo e a tolerancia a través de actividades de traballo en equipo.
- Potenciar actitudes de valoración e respecto cara o entorno físico e natural.
- Descubrir as posibilidades educativas da cidade e aproveitar os recursos e espazos que esta nos proporciona como lugar de experimentación, de encontro, interrelación, liberdade e creatividade.
- Realizar actividades de ocio saudables, así como fomento do deporte.
- Realizar actividades de recuperación de xogos populares e tradicionais.
- Conciliar a vida familiar e laboral.

Persoas destinatarias: nenos e nenas empadroados no Concello de Santiago de Compostela ou que cursen estudos en centros de educación infantil e primaria de Santiago de Compostela, entre o 2 Ciclo de Educación Infantil e 3º Ciclo de Educación Primaria (ambos os dous incluídos) con idades comprendidas entre os 3 e os 12 anos.

Datas de realización e quendas do programa

O programa de conciliación realizarase no período de vacacións de verán 2024: mes de xuño (días 24, 25, 26, 27, 28), mes de xullo (agás sábados, domingos e festivos), mes de agosto (agás sábados, domingos e festivos) e setembro (días 2, 3, 4, 5, 6, 9, 10). Os días definitivos están suxeitos á aprobación do calendario escolar pola Xunta de Galicia e a conseguinte variación nos días non lectivos de setembro. Este programa comprende un conxunto de actividades, a desenvolver en instalacións de dous CEIP do Concello de Santiago, destinadas á poboación empadroadada ou escolarizada en educación Infantil e Primaria do municipio de Santiago.

As persoas usuarias poderán escoller as distintas modalidades establecidas nas seguintes quendas:

QUENDAS	DATAS	TOTAL DÍAS
1ª QUENDA	Do 24 de xuño ao 30 de xuño do 2024 (24, 25, 26, 27, 28).	5
2ª QUENDA	Do 1 ao 12 de xullo do 2024 (1, 2, 3, 4, 5, 8, 9, 10, 11 e 12).	10
3ª QUENDA	Do 15 ao 31 de xullo do 2024 (15, 16, 17, 18, 19, 22, 23, 24, 26, 29, 30, 31).	12
4ª QUENDA	Do 1 ao 14 de agosto do 2024 (1, 2, 5, 6, 7, 8, 9, 12, 13, 14).	10
5ª QUENDA	Do 19 ao 30 de agosto do 2024 (19, 20, 21, 22, 23, 26, 27, 28, 29, 30)	10
6ª QUENDA	Do 2 ao 10 de setembro do 2024 (2, 3, 4, 5, 6, 9, 10).	7
		54 días

Horarios e servizos do programa

O programa inclúe a realización de actividades e obradoiros, ademais de poñer a disposición dos nenos e nenas participantes un servizo de madrugadores con almorzo (de 7,45 a 9,00 horas) e de comedor (de 14,00 a 16,00 horas).

O horario de prestación directa do servizo será de 7,45 h. ata as 16,00 h.

Modalidades e horarios para as persoas usuarias:

SERVIZO	HORARIOS
Modalidade completa (madrugadores con almorzo, comedor e actividades)	De 7,45 ás 16,00 h
Modalidade madrugadores con almorzo e actividades	De 7,45 ás 14,00 h.
Modalidade comedor e actividades	De 9,00 ás 16,00 h.
Modalidade só actividades	De 9,00 ás 14,00 h.

Secuencia horaria do programa:

7:45 - 9:00 h.	Madrugadores con almorzo. Actividades lúdicas e grupais.
9:00 - 9:30 h.	Recepción participantes.
9:30 - 11:00 h.	Obradoiros artísticos, plásticos, saídas e xogos grupais.
11:00 - 11:30 h	Descanso.
11:30 - 13:30 h.	Obradoiros artísticos, plásticos, saídas e xogos grupais.
13:30 - 14:00 h.	Recollida e despedida.
14:00 - 16:00 h.	Comedor

Servizos:

- De 7,45 a 9,00 h.: Servizo de Madrugadores (aula matinal), con almorzo.
- De 9,00 ás 14,00 h.: Obradoiros e Actividades.
- De 14,00 ás 16,00 h.: Servizo de Comedor.

Inscripción das persoas usuarias no programa

- Abrirase un prazo de inscrición mediante unha convocatoria pública, desde a data da aprobación en Xunta de Goberno Local, deste acordo, ata o 14 de maio, ambos inclusive.

As solicitudes presentaranse segundo o modelo normalizado, nos prazos establecidos ao efecto, ben por medios electrónicos ou de xeito presencial, no Rexistro xeral do Concello de Santiago (Rúa do Presidente Salvador Allende 4, Galeras) ou mediante calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Se a solicitude se presenta a través da sede electrónica do Concello de Santiago (<https://sede.santiagodecompostela.gal/>) escollarase o trámite “Inscrición nos programas de conciliación do Departamento de Educación” dentro do catálogo de trámites dispoñible.

- Criterios de prioridade para a asignación de prazas

Para o caso de que houberse máis solicitantes que prazas é preciso establecer orde de preferencia na asignación. Os criterios para a asignación de prazas ordenados de maior a menor grao de prioridade son os seguintes:

1. Persoas con informe do Departamento de Servizos Sociais do Concello de Santiago de Compostela.
2. Familia con nenos e nenas en acollida e nas que as dúas persoas responsables legais estean traballando ou en tránsito, no horario e datas do programa..
3. Familia monoparental que traballe ou estea en tránsito, no horario e datas do programa.
4. Familias numerosas nas que as dúas persoas responsables legais estean traballando ou en tránsito, no horario e datas do programa.
5. Familias coas dúas persoas adultas que traballen ou estean en tránsito no horario e datas do programa.

As situacións familiares descritas nos puntos anteriores deberán acreditarse mediante a presentación da documentación administrativa correspondente no momento de realizar a solicitude (segundo o caso): informe do Departamento de Servizos Sociais do Concello de Santiago de Compostela, resolución da Administración autonómica que acredite o acollemento familiar ou o permiso de convivencia, copia do título de familia numerosa, certificado de empresa no que se indique que as persoas responsables legais estean traballando ou en tránsito no horario e datas do programa ou documentación acreditativa da situación de familia monoparental.

Este programa está pensado para responder ás necesidades de conciliación das familias. É por iso que o acceso aos seus servizos debe priorizar a aquelas que

traballen ou que estean en tránsito do traballo a casa, nos horarios e datas do programa. Polo tanto é imprescindible que as familias acrediten fiel e responsablemente as circunstancias laborais no período de desenvolvemento do programa. Aquelas persoas que traballen a turnos, teñan flexibilidade horaria ou sexan persoal docente terán que aportar un certificado de emprego actualizado no que indiquen o horario no que traballarán durante o desenvolvemento do programa. Non se aceptarán os certificados ou declaracións xerais (no caso dos traballadores/as autónomos) que non acrediten as circunstancias específicas da familia nas quendas solicitadas, isto é que non acrediten os días e horarios laborais do/s proxenitor/es nos días e horarios de desenvolvemento do programa.

No caso de non acreditarse as situacións anteriormente sinaladas, as solicitudes irán a sorteo público, en caso de ter que realizarse, en igualdade de condicións.

A falta de presentación, coa solicitude, da documentación acreditativa dos criterios para a asignación de prazas (e que non constitúe un requisito de acceso ao programa) non será obxecto de emenda e non será tida en conta para a asignación de prazas.

Se, unha vez adxudicadas as prazas segundo os criterios de prioridade, houberse máis solicitudes que prazas dispoñibles realizárase un sorteo público para quenda. Para os casos en que o número de solicitudes supere o número de prazas aplicarase a fórmula ALEATORIO.ENTRE(Ax:Ay) no documento onde figura a lista de solicitantes cun número asignado por unidade familiar. Extraerase un número que determinará tanto a asignación de prazas como a orde na listaxe de agarda resultante. O resultado da aplicación da fórmula dá un número "x" que será o que obteña praza en primeiro lugar e tamén os sucesivos ata completar o número total de prazas ofertadas. O sorteo, de producirse, será anunciado na páxina web do Concello.

- As persoas solicitantes deberán estar empadroadas no Concello de Santiago, circunstancia que se comprobará de oficio polo Concello de Santiago, ou estar matriculados nun centro educativo do municipio de Santiago, en cuxo caso deberán achegar unha certificación expedida polo centro onde estuda, indicando nome e apelidos da crianza matriculada e o curso.
- É responsabilidade única das persoas solicitantes a entrega dos certificados e declaracións de horario laboral actualizados.
- Será motivo de exclusión:
 - Non cumprir os requisitos do programa.
 - Non entregar a documentación solicitada en prazo.
 - Non estar empadroadada en Santiago ou escolarizada nun centro educativo do municipio de Santiago as persoas beneficiarias do programa.
 - Non realizar o pagamento dos prezos públicos correspondentes nos prazos sinalados.

- Realizado o sorteo, de ser o caso, publicarase na web municipal a táboa coas prazas adxudicadas provisionalmente a cada solicitante. Non se avisará de forma individualizada ás persoas admitidas, excluídas e lista de agarda.
- O Departamento de Educación fixará un prazo para o pago e achega dos xustificantes de pago das autoliquidacións correspondentes ás prazas asignadas a cada familia.
- Rematado ese prazo, o Departamento de Educación publicará as listaxes definitivas de prazas asignadas.
- Os pagos realizados non se devolverán en ningún caso, agás:
 - 1 Que non se chegue a realizar o programa ao non cubrirse un mínimo de prazas, ou por outra continxencia que impida o seu desenvolvemento.
 - 2 Por motivo de exclusión ao non cumprir os requisitos que se establecen na convocatoria.
 - 3 No caso de realizar un pago indebido ou duplicado.
- As persoas solicitantes e participantes no programa aceptan as bases e condicións establecidas nel.
- Documentación que cómpre presentar
 1. Formulario de solicitude cuberto e asinado (MODELO ED010 EDUCACIÓN, da sede electrónica).
 2. Fotocopia da tarxeta sanitaria ou da compañía aseguradora.
 3. Copia do título de familia numerosa, de ser o caso.
 4. Acreditación de recoñecemento de discapacidade da crianza, de ser o caso.
 5. Certificación expedida polo centro de Santiago onde estuda a crianza, indicando nome e apelidos e curso (se non está empadroada no Concello de Santiago).
 6. Certificado de empresa no que se indique que as persoas responsables legais están traballando, ou en tránsito, no horario e datas do programa.
 7. Informe do Departamento de Servizos Sociais do Concello de Santiago de Compostela, de ser o caso.
 8. Resolución da Administración autonómica que acredite o acollemento familiar ou o permiso de convivencia, de ser o caso.
 9. Documentación acreditativa de familia monoparental (*), de ser o caso.

Familia monoparental: entenderase por familia monoparental cando forme parte da unidade familiar unha única persoa proxenitora que non conviva con outra coa que manteña unha relación e sempre que a outra persoa proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento. Neste caso xustificaráse cunha denuncia reclamando o pago da manutención do menor.

Prezos público finais ordinarios para as familias coas modalidades e quendas:

SERVIZO	HORARIO	PROGRAMA VERÁN 2024. 1ª QUENDA (5 días)
Modalidade completa:(madrugadores/as con almorzo, comedor e actividades)	De 7:45 ás 16:00 h	<input type="checkbox"/> 45,00 €
Modalidade madrugadores/as con almorzo e actividades	De 7:45 ás 14:00 h.	<input type="checkbox"/> 27,50 €
Modalidade comedor e actividades	De 9:00 ás 16:00 h.	<input type="checkbox"/> 37,50 €
Modalidade só actividades	De 9:00 ás 14:00 h.	<input type="checkbox"/> 20,00 €

SERVIZO	HORARIO	PROGRAMA VERÁN 2024. 2ª, 4ª e 5ª QUENDAS (10 días)
Modalidade completa:(madrugadores/as con almorzo, comedor e actividades)	De 7:45 ás 16:00 h	<input type="checkbox"/> 90,00 €
Modalidade madrugadores/as con almorzo e actividades	De 7:45 ás 14:00 h.	<input type="checkbox"/> 55,00 €
Modalidade comedor e actividades	De 9:00 ás 16:00 h.	<input type="checkbox"/> 75,00 €
Modalidade só actividades	De 9:00 ás 14:00 h.	<input type="checkbox"/> 40,00 €

SERVIZO	HORARIO	PROGRAMA VERÁN 2024. 3ª QUENDA (12 días)
Modalidade completa:(madrugadores/as con almorzo, comedor e actividades)	De 7:45 ás 16:00 h	<input type="checkbox"/> 108,00 €
Modalidade madrugadores/as con almorzo e actividades	De 7:45 ás 14:00 h.	<input type="checkbox"/> 66,00 €
Modalidade comedor e actividades	De 9:00 ás 16:00 h.	<input type="checkbox"/> 90,00 €
Modalidade só actividades	De 9:00 ás 14:00 h.	<input type="checkbox"/> 48,00 €

SERVIZO	HORARIO	PROGRAMA VERÁN 2024. 6ª QUENDA (7 días)
Modalidade completa:(madrugadores/as con almorzo, comedor e actividades)	De 7:45 ás 16:00 h	<input type="checkbox"/> 63,00 €
Modalidade madrugadores/as con almorzo e actividades	De 7:45 ás 14:00 h.	<input type="checkbox"/> 38,50 €
Modalidade comedor e actividades	De 9:00 ás 16:00 h.	<input type="checkbox"/> 52,50 €
Modalidade só actividades	De 9:00 ás 14:00 h.	<input type="checkbox"/> 28,00 €

Prezos especiais para familias con escasos recursos

Co obxecto de favorecer a participación das persoas usuarias con escasos recursos, nunhas datas tan sinaladas, establécense unhas reducións do 50 e do 100% dos prezos ordinarios. Estas persoas usuarias deberán ser beneficiarias do Departamento municipal de Servizos Sociais e, polo tanto, contarán obrigatoriamente co informe previo expedido por ese departamento, que ditaminará a porcentaxe de desconto que será de aplicación (o 50 ou o 100%).


Prezos públicos finais especiais (desconto do 50% ou 100% Informe SS do Concello) para as familias coas modalidades:

SERVIZO	HORARIO	PROGRAMA VERÁN 2024. 1ª QUENDA (5 días)
		Con desconto (50%)* Informe SS Concello
Modalidade completa:(madrugadores/as con almorzo, comedor e actividades)	De 7:45 ás 16:00 h	□ 22,50 €
Modalidade madrugadores/as con almorzo e actividades	De 7:45 ás 14:00 h.	□ 13,75 €
Modalidade comedor e actividades	De 9:00 ás 16:00 h.	□ 18,75 €
Modalidade só actividades	De 9:00 ás 14:00 h.	□ 10,00 €

SERVIZO	HORARIO	PROGRAMA VERÁN 2024. 2ª, 4ª e 5ª QUENDAS (10 días)
		Con desconto (50%)* Informe SS Concello
Modalidade completa:(madrugadores/as con almorzo, comedor e actividades)	De 7:45 ás 16:00 h	□ 45,00 €
Modalidade madrugadores/as con almorzo e actividades	De 7:45 ás 14:00 h.	□ 27,60 €
Modalidade comedor e actividades	De 9:00 ás 16:00 h.	□ 37,50 €
Modalidade só actividades	De 9:00 ás 14:00 h.	□ 20,00 €

SERVIZO	HORARIO	PROGRAMA VERÁN 2024. 3ª QUENDA (12 días)
		Con desconto (50%)* Informe SS Concello
Modalidade completa:(madrugadores/as con almorzo, comedor e actividades)	De 7:45 ás 16:00 h	□ 54,00 €
Modalidade madrugadores/as con almorzo e actividades	De 7:45 ás 14:00 h.	□ 33,00 €
Modalidade comedor e actividades	De 9:00 ás 16:00 h.	□ 45,00 €
Modalidade só actividades	De 9:00 ás 14:00 h.	□ 24,00 €

SERVIZO	HORARIO	PROGRAMA VERÁN 2024. 6ª QUENDA (7 días)
		Con desconto (50%)* Informe SS Concello
Modalidade completa:(madrugadores/as con almorzo, comedor e actividades)	De 7:45 ás 16:00 h	□ 31,50 €
Modalidade madrugadores/as con almorzo e actividades	De 7:45 ás 14:00 h.	□ 19,25 €
Modalidade comedor e actividades	De 9:00 ás 16:00 h.	□ 26,25 €
Modalidade só actividades	De 9:00 ás 14:00 h.	□ 14,00 €



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

Departamento de Educación

IMPORTANTE: Non se poderá realizar o pago dos prezos públicos ata a publicación da listaxe provisional das prazas adxudicadas, onde se establecerá o prazo para elo.

Máis información:

Concello de Santiago. Departamento de Educación
Edificio CERSIA. Rúa do Alcalde Raimundo López Pol, s/n. San Lázaro
Tfnos.: 981 554 400/401
dptoeducacion@santiagodecompostela.gal; www.santiagodecompostela.gal